

ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de técnico/a auxiliar de biblioteca, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene incluída na oferta de emprego público do ano 2022 en sesión do 19 de maio de 2026 acordou:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións de VERONICA FREIRE ZARAGOZA, quedando as puntuacións do exercicio tipo test como segue:

Núm exame	Correctas	Incorrectas	Branco/nulas	Restan	Total acertos	Reserva correctas	Reserva incorrectas	Reserva branco/nulas	Puntuación
21104033	62	5	13	4	58	1	1	3	7.25
21104032	74	5	1	1	73	3	1	1	9.125
21104034	65	15	0	5	60	2	3	0	7.5
21104036	71	9	0	3	68	3	2	0	8.5
21104031	59	12	9	6	53	3	2	0	6.625

SEGUNDO.-Desestimar as alegacións de EDUARDO FERNÁNDEZ PERAL, conforme ao fundamentado na acta, que transcrito é o que segue:

“-EDUARDO FERNÁNDEZ PERAL quen alega:

-“PRIMEIRA.- Sobre a corrección da Pregunta 1 (Dereitos e deberes dos empregados públicos segundo o TREBEP).

O tribunal outorga unha puntuación de 0,71875 sobre 2,50 puntos posibles, valorando á baixa ou anulando dereitos e deberes que foron expostos de forma correcta e acorde ao espírito e literalidade da norma. O valor de cada un dos 8 conceptos solicitados (4 dereitos e 4 deberes) equivale a 0,3125 puntos.

No tocante aos **Dereitos:**

1. Dereito á non discriminación: Na miña resposta indico o "dereito a no ser discriminado por razón de sexo, género o cualquier otra circunstancia". O tribunal valóralo con 0,15 puntos argumentando que está "citado de forma pouco completa". O Art. 14.i) do TREBEP reconece o dereito "a la no discriminación por razón de (...) sexo (...) o cualquier otra condición o circunstancia personal o social". A miña resposta é un resumo lexítimo e xuridicamente exacto da norma, polo que procede outorgar a puntuación íntegra do ítem (0,3125 puntos).

2. Dereito á remuneración: Na miña resposta indico o "dereito a la remuneración por sus servicios prestados". O tribunal outorga a metade da puntuación (0,15625) por non citar as "indemnizacións por razón de servizo". O Art. 14.d) do TREBEP establece o dereito a "percibir las retribuciones y las indemnizaciones". O núcleo do dereito á remuneración foi exposto con claridade, non sendo xustificable unha penalización do 50% por unha omisión parcial, solicitando o outorgamento de 0,3125 puntos.

3. **Dereito a condicións dignas:** Na miña resposta cito o "derecho a un puesto de trabajo con unas condiciones dignas". O tribunal omitiu por completo a valoración deste dereito. O Art. 14.h) do TREBEP recoñece explicitamente o dereito "al respeto de su (...) dignidad en el trabajo", así como o Art. 14.l) a "recibir protección eficaz en materia de seguridad y salud". Procede a súa valoración con 0,3125 puntos.

No tocante aos **Deberes:**

1. **Deber de igualdade:** Na miña proba indícase o "deber de velar por un entorno sin discriminación de sexo o género de forma transversal". O tribunal puntuou con 0 por "non estar citado nos termos expresados na normativa".

Con todo, o Art. 52 do TREBEP esixe aos empregados públicos actuar con arranxo ao principio de "respeto a la igualdad entre mujeres y hombres", e o Art. 53.4 obriga a evitar "toda actuación que pueda producir discriminación alguna por razón de (...) sexo". O concepto é materialmente idéntico ao recollido na lei. Solicítase a máxima puntuación para este ítem (0,3125 puntos).

2. **Deber de servir á cidadanía e eficacia:** A miña resposta detalla o "deber de servir a la ciudadanía y ofrecer un servicio eficaz". Foi valorado con 0,10 por consideralo impreciso. O Art. 53.2 indica que "su actuación perseguirá la satisfacción de los intereses generales de los ciudadanos" e o Art. 52 cita a "eficacia" como un principio fundamental. Ao utilizar os mesmos termos subxacentes na norma, procede elevar a puntuación a 0,3125 puntos."

En relación con esta pregunta, recóllense as seguintes observacións na acta de corrección do exercicio:
"Dereitos: libre sindicación (0.3125); cita retribucións sen indemnizacións por razón de servizo (0.15625); dereito a non discriminación citado de forma pouco completa (0.15)

-Deberes: servir á cidadanía descrito de forma incompleta e imprecisa a nivel técnico (0.10); non se valora o deber de informar por ser manifestamente impreciso e non estar contemplado na normativa da forma citada; deber de integración e velar polo entorno non se valoran por non estar citado nos termos expresados na normativa aplicable.

Total: 0.71875"

Á vista do que antecede, o tribunal fai as seguintes consideracións:

-Alegacións sobre o dereito a non discriminación: o tribunal concedeu a metade da puntuación outorgable, que se considera máis que proporcionada se se fai unha comparativa entre o que sinala o TREBEP e o respostado polo alegante.

- TREBEP: Dereito "A la no discriminación por razón de nacimiento, origen racial o étnico, género, sexo u orientación e identidad sexual, expresión de género, características sexuales, religión o convicciones, opinión, discapacidad, edad o cualquier otra condición o circunstancia personal o social."
- Resposta do alegante: "derecho a no ser discriminado por razón de sexo, género o cualquier otra circunstancia".

O tribunal non considera que a resposta sexa "un resumo lexítimo e xuridicamente exacto da norma" como di o alegante, estase a avaliar un exercicio de oposición, no que os criterios de valoración, tal e como se indicaba na proba, son o acerto na resposta, capacidade de análise, sistemática, formulación de conclusións, rigor técnico, e, no seu caso, a adecuada interpretación da normativa.

Resulta obvio que o respostado, en comparación co literal do TREBEP, carece de rigor técnico, xa que é unha resposta non baseada no rigor senón na mera lóxica.

-Alegación respecto das retribucións: deuse o mesmo tratamento a todas as persoas aspirantes por parte do tribunal. A resposta correcta sería o dereito “A percibir las retribuciones y las indemnizaciones por razón del servicio”, consideráronse os dous apartados da resposta dividíndose a puntuación total do dereito en dúas partes. Reclamar a totalidade da puntuación pola metade da resposta resulta absolutamente desproporcionado e contrario aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

-Alegación respecto a dereito a condicións dignas: en relación co dereito citado literalmente como “derecho a un puesto de trabajo con unas condiciones dignas”, non se recolle na acta porque non foi considerado válido na puntuación a outorgar e non obtivo puntuación. Non é un dereito recollido como tal no artigo 14 TREBEP e xa o propio alegante amosa con claridade o acerto do tribunal cando pretende incluír o seu dereito en dous apartados distintos do artigo 14 TREBEP. Trátase dunha resposta non acertada e carente do máis absoluto rigor técnico.

No tocante aos deberes, o tribunal só valorou e cun 0.10 o servizo á cidadanía. En concreto o alegante cita como deber “servir a la ciudadanía y ofrecer un servicio eficaz y simple”, na propia alegación pretender incardinalo en dous deberes distintos, amosando a falta de rigor técnico e acerto do conxunto da pregunta.

Considérase, polo tanto, que a puntuación é sobradamente proporcionada atendendo ao cadro de respostas publicado.

No resto da contestación aos deberes, o alegante citou:

- “deber de informar de las circunstancias propias del puesto de trabajo”: algo inexistente na normativa
- “deber de favorecer la integración y un servicio adecuado a personas con diversidad funcional”
- “deber de velar por un entorno sin acoso por razón de sexo o género de forma transversal”

Non se cita como di na alegación o “deber de igualdade”, xa que non se cita a palabra igualdade en todo o respostado.

O que di a normativa é que os empregados públicos deben ter unha conducta baseada “en el respeto de los derechos fundamentales y libertades públicas, evitando toda actuación que pueda producir discriminación alguna por razón de nacimiento, origen racial o étnico, género, sexo, orientación e identidad sexual, expresión de género, características sexuales, religión o convicciones, opinión, discapacidade, idade o calquera outra condición o circunstancia personal o social.”

Resulta evidente que o alegante cita supostos deberes de forma deductiva aplicando a mera lóxica, sen amosar que verdadeiramente domina a materia. A absoluta carencia de rigor técnico xustifica as penalizacións obtidas segundo o criterio do tribunal.

-“SEGUNDA.- Sobre a corrección da Pregunta 5 (Definición de desiderata).

O tribunal outorga 0,90 puntos sobre 1 penalizando que “a desiderata non é unha lista”. Na miña resposta defínea como “lista de títulos propostos por los usuarios

para su adquisición e incorporación a la colección bibliotecaria". Na práctica arquivística e bibliotecaria, as peticións individuais dos usuarios agrúpanse e xestiónanse como un conxunto documental coñecido operativamente como "lista de desideratas" ou simplemente "desiderata" no seu uso colectivo. A definición demostra un coñecemento exacto e práctico do concepto funcional, polo que se solicita a puntuación máxima (1 punto)."

O tribunal considera que a penalización de 0.10 feita ao respostado é máis que proporcionada e que atende ao rigor técnico exixido, xa que unha desiderata non é unha lista de desideratas, senón unha única suxerencia ou petición de adquisición."

TERCEIRO.-Convocar ás persoas aspirante que superaron o segundo exercicio da oposición á realización do terceiro exercicio que terá lugar na Casa Consistorial do Concello de Fene ás 9.30 horas do día 8 de xuño.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.